

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A FUNDACIÓN EDUCACIÓN E DEPORTE DE SANTIAGO, PARA O ANO 2022

Dunha parte, D. Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Santiago de Compostela.

Doutra parte, D. Manuel Ángel Cabana Rey, con documento nacional de identidade número 33233829W, Presidente da FUNDACIÓN EDUCACIÓN E DEPORTE DE SANTIAGO, con domicilio social en Santiago de Compostela en Rúa San Clemente s/n, con CIF G15867260, co número de Rexistro na Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia X-11596 e no Rexistro Municipal de Asociacións co número 391.

Interveñen as dúas partes coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren e

EXPOÑEN

- I. Que o presente convenio regularase polo disposto na Lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, e polo definido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- II. Que o Concello de Santiago de Compostela é competente en materia de promoción deportiva ao abeiro do disposto no artigo 25.2.I da Lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e no artigo 8 da Lei 3/2012, de 02 de abril, de deporte de Galicia.
- III. Que son os convenios o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente, segundo se establece especificamente nos artigos 47.2.c e 48.7 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público, no artigo 28 da Lei 38/2003 Xeral de subvencións e no artigo 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, así como, de forma específica no artigo 31.5 das Bases de execución do orzamento municipal do ano 2022.
- IV. Que o Concello de Santiago, para levar a cabo, coa colaboración da FUNDACIÓN EDUCACIÓN E DEPORTE DE SANTIAGO (en adiante FEDESA), o obxecto deste convenio, estará ao previsto nas Bases de execución do orzamento do Concello de Santiago para o ano 2022, que de acordo co seu artigo 33.2, anexos IV e VII achegará a cantidade de **vintecinco mil euros (25.000.-€)** con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 4890020.

E, polo que as partes

MANIFESTAN

- I. Que FEDESA é a entidade máis representativa a nivel local na modalidade de baloncesto feminino sénior, dado que estivo a participar na categoría nacional denominada Liga Femenina2 e actualmente milita na 1ª División Nacional Femenina (categoría de ámbito estatal) que é a máxima categoría deportiva da cidade na modalidade baloncesto sénior feminino, o que o converte nun referente local a nivel deportivo e social.
- II. Que o Concello de Santiago considera importante establecer acordos de colaboración coa mencionada entidade co fin de garantir a súa presenza na elite do deporte de competición, considerando que é positivo polo que supón para a promoción da cidade, así como de exemplo e motivación para o deporte de base. En consecuencia,

CONVENIEN

1º.- Que é obxecto deste convenio subvencionar parte dos gastos necesarios para que FEDESA compita durante o ano 2022 na Liga Feminina 2 ou na 1ª División Nacional Femenina, máxima categoría deportiva da cidade na modalidade baloncesto sénior feminino, así como nas diferentes competicións derivadas dos resultados obtidos. Isto significa que deberá participar nas mencionadas categorías deportivas durante as tempadas 2021/2022 e 2022/2023.

2º.- FEDESA comprométese a presentar antes da sinatura do presente convenio, para que forme parte do mesmo, a seguinte documentación:

2.1.- Estatutos da entidade. Acreditación da representación da mesma no suposto de non empregar un certificado dixital de representante de persoa xurídica.

2.2.- Certificación oficial da Real Federación Española de Baloncesto, polo que se acredita a súa participación na Liga Feminina 2 durante a tempada 2021/22. O certificado que acredite a súa participación na tempada 2022/23 deberá presentarse no momento da xustificación do convenio.

2.3.- Certificación do club, asinada polo Secretario co visto e praxe do Presidente, do orzamento xeral de gastos e ingresos aprobados para a tempada 2021/22 da categoría obxecto de subvención, así como o xeral da entidade.

2.4.- Certificación do club, asinada polo Secretario co visto e praxe do Presidente, do orzamento previsto de gastos e ingresos para a tempada 2022/23 da categoría obxecto de subvención, así como o xeral da entidade. Este orzamento poderá ser requirido no momento en que proceda polo Concello de Santiago e, en todo caso, será presentado no momento da xustificación do convenio.

2.5.- Certificacións oficiais de estar ao corrente nos pagos coa Seguridade Social, coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa facenda da Comunidade Autónoma e co Concello de Santiago. Non obstante, se o considera oportuno poderá dar autorización escrita para que o Concello poida directamente realizar as consultas pertinentes para estes supostos en calquera fase do procedemento.

2.6.- Declaración xurada do Presidente de non estar incurso, a entidade que representa, nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria da subvención establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

2.7.- Copia do CIF da Entidade.

2.8.- Impreso selado pola entidade bancaria que corresponda, no que figure a entidade como titular e o seu número de conta e no que conste o BIC e o IBAN.

3º.- Ademais do anterior, en cumprimento do disposto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, o persoal, colaboradores ou voluntarios da entidade beneficiaria que estean en contacto habitual con menores, non poderán ter sido condenados por sentenza firme por delito algún contra a liberdade e indemnidade sexual, ou a trata de seres humanos. Para tal efecto, estas persoas deberán acreditar ante a entidade beneficiaria, que achegará declaración xurada nese senso, dita circunstancia mediante a presentación de certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais.

4º.- O Concello de Santiago comprométese a subvencionar no ano 2022 a FEDESA coa cantidade de **25.000 €** con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 4890020, destinados a

colaborar no financiamento do gasto que supón a participación na competición indicada no punto 1º deste convenio.

4.1.- Destes 25.000-€, a efectos de xustificación 21.000,00-€ estarán vinculados coa tempada 2021/22, e estarán destinados a financiar os seguintes conceptos de gastos que figuran no seu orzamento, todos eles correspondentes ao ano 2022 (primeiro semestre).

IMPORTE	CONCEPTO
DESPRAZAMENTOS E GASTOS HOTEIS	24.654,00
DESPRAZAMENTOS ARBITRAIS	1.035,51
Total orzamento por estes conceptos	25.689,51 €

4.2.- Os 4.000,00-€ restantes, a efectos de xustificación, estarán vinculados coa tempada 2022/23, e estarán destinados a financiar os seguintes conceptos de gastos que deberán figurar obrigatoriamente no seu orzamento, todos eles correspondentes ao ano 2022 (segundo semestre).

IMPORTE	CONCEPTO
GASTOS FEDERATIVOS	2.182,00
DESPRAZAMENTOS	3.300,00
Total orzamento por estes conceptos	5.482,00 €

A contribución municipal manterase sempre e cando, en concorrencia con outras axudas, subvencións, ingresos ou recursos públicos ou privados, non se supere o orzamento total de gastos presentado por FEDESA para cada unha das tempadas indicadas.

5º.- FEDESA, ao efecto de publicitar a colaboración do Concello de Santiago comprométese, en virtude deste convenio á:

5.1.- Colocación de valados publicitarios co lema *Concello de Santiago* en zonas visíbeis nos recintos deportivos de Santiago nos que o Club celebre os seus encontros.

5.2.- Colocación do anagrama e o lema *Concello de Santiago* na roupa de competición. A súa ubicación será consensuada previamente co Concello de Santiago.

5.3.- Publicitar a colaboración do Concello de Santiago na cartelería que anuncia os encontros, así como na páxina web e redes sociais.

6º.- Para facer efectivo o pago é condición necesaria que FEDESA presente no Rexistro Xeral do Concello de Santiago, **con data límite do 10 de novembro de 2022**, a seguinte documentación para a xustificación do convenio:

6.1.-Declaración asinada polo presidente da Entidade na que se indique, baixo a súa responsabilidade ter cumprido os compromisos especificados no punto 5º do presente convenio. Presentaranse como xustificantes recortes de prensa, fotografías, así como modelos de cartaces, entradas, abonos,, se existen, nos que se observe con claridade o cumprimento da parte que lles corresponde do establecido neste convenio.

6.2.-Facturas oficiais que se correspondan cos conceptos de gasto e contías que figuran no apartado 4º do presente convenio, todas elas referidas ao ano 2022,

debendo acreditarse o seu pagamento mediante transferencia bancaria con anterioridade á data límite de xustificación.

A contía a xustificar será polo importe total dos gastos realizados á data de presentación da xustificación do convenio e polos conceptos sinalados na cláusula 4ª. Tendo en conta que os gastos obxecto de subvención considéranse en base aos orzamentos da entidade para cada tempada deportiva, poderanse admitir desviacións ou alteracións na súa xustificación, sempre e cando, se manteña a finalidade do convenio e o xustificativo supere o importe da subvención recollida no mesmo.

6.3.- Declaración asinada polo presidente da Entidade na que se indique, baixo a súa responsabilidade, que as axudas, subvencións, ingresos e recursos públicos ou privados, tanto os solicitados/previstos coma os acadados/concedidos, xunto coa subvención do Concello de Santiago non superaron e non está previsto que superen o orzamento de gastos de FEDESA en cada unha das tempadas previstas neste convenio, nin cada un dos conceptos de gasto para os que se concede a subvención, previstos no artigo 4.1 e 4.2.

6.4.- Liquidación do orzamento de gastos e ingresos da entidade e da categoría obxecto de subvención correspondente á tempada 2021/22. De non ser posible a súa presentación deberá motivarse esta circunstancia.

6.5.- No momento inmediatamente anterior ao pago e no momento da xustificación **deberase acreditar que a entidade está ao corrente nos pagos** coa Seguridade Social, Axencia Estatal da Administración Tributaria, facenda da Comunidade Autónoma e o propio Concello de Santiago mediante certificacións das administracións correspondentes.

6.6.- Coa documentación, a maiores, se deberá presentar a documentación acreditativa que se solicita nos apartados 2.2 e 2.4 do presente convenio.

7º.- O prazo de vixencia deste convenio remata o 31 de decembro de 2022.

8º.- O incumprimento das obrigas que se impoñen ao interesado levará consigo a restitución dos importes dos pagos da subvención que en cada caso se tivese efectuado.

9º.- Polo Concello poderá esixirse, aparte das condicións establecidas neste convenio, as fórmulas de xustificación de cumprimento de obrigacións que se estimen convenientes.

10º.- Con respecto aos libros e rexistros contables que deba levar a entidade beneficiaria, así como para reintegro de fondos, en caso de incumprimento e demais medidas de control e inspección, estarase ao disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e demais lexislación que no seu caso sexa de aplicación.

11º.- A contratación con terceiros para a execución dos servizos, asistenciais ou subministros necesarios por valores superiores a 15.000 € recollidos como gasto obxecto de subvención no punto cuarto deste convenio, realizaranse con suxeitas ás normas de contratación do sector público garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación.

12º.- De conformidade ao disposto no artigo 70.3 do regulamento da Lei de Subvencións (RD 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido o prazo de xustificación sen que se teña recibido xustificación ningunha, remitirase un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falta de xustificación da subvención neste prazo

adicional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas na lexislación aplicable ao respecto.

13º.- O importe da subvención especificada neste convenio, cando proceda o pago do mesmo, deberá ser ingresado no número de contan **ES16 2080 0314 3430 4003 0608 (CAGLESMMXXX)**.

14º.- Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto: na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, que aproba o seu regulamento; e na Lei 9/2007, de 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

15º.-As actuacións en materia de protección de datos de carácter persoal axustaranse ao disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como, ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos.

16º.- Son causas de resolución deste convenio, de acordo coa lexislación vixente, o incumprimento de calquera cláusula establecida no mesmo, e concretamente:

- a) Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
- b) Incumprimento das cláusulas establecidas no convenio específico de colaboración.
- c) Mutuo acordo entre as partes.
- d) O vencemento do seu prazo.
- e) A declaración xudicial de nulidade do convenio.

17º.-O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa e está expresamente excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público segundo o sinalado no seu art. 6.2), sen prexuízo da súa posible aplicación con carácter supletorio.

Non obstante o anterior, as cuestións litixiosas que poidan xurdir sobre este convenio, respecto da vixilancia e control, interpretación, resolución e efectos do mesmo, serán resoltas en última instancia administrativa pola Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, e contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, segundo establece o artigo 46.4 da Lei 29/1998, reguladora desta xurisdición. Para este efecto, será competente o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2022

Polo CONCELLO DE SANTIAGO

Por FEDESA

Asdo.: Xosé A. Sánchez Bugallo
ALCALDE

Asdo.: Manuel Ángel Cabana Rey
PRESIDENTE